

## *Que é a orientación?*

O Departamento de Orientación do C.E.I.P. A. Insua Bermúdez considera a Orientación como unha actividade inherente á propia educación, e tratará de:

- Contribuír á *formación integral do alumnado*.
- Ó *asesoramento do profesorado* na práctica educativa.
- A *implicación e asesoramento das familias e do resto da comunidade educativa*.

O SEU PRINCIPAL OBXECTIVO é o de dinamiza-las estruturas do centro, potenciando o traballo dos/as titores/as. A orientación forma parte esencial da actividade educativa e establece unha vía de asesoramento permanente ó profesorado, alumnado e familias. Enténdese así a orientación como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa. Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ó desenvolvemento persoal, ós procesos de ensino-aprendizaxe e a toma de decisións. Tomando en consideración as variables nas que se contextualiza a actuación docente e que son aspectos socioeconómicos e culturais da zona na que se desenrola.

Os ámbitos de intervención serán os seguintes e contemplarán tamén as interaccións entre todos eles:

- O *alumno/ o grupo de alumnos* ou clase
- *Profesorado/ o equipo de profesores* ou equipos de ciclo
- A *familia/ o contexto familiar*
- O *centro/ organización e funcionamento*
- O *currículo/ o proceso de ensino-aprendizaxe*

Tendo isto en conta as FUNCUÓNS deste departamento serán :

- *Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento*.
- *Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso*.

- Convocar e presidir as reunións do departamento conforme o procedemento que estableza.
- Velar pola **confidencialidade** dos documentos, se é o caso.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de **material e de equipamento específico**, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Prestar atención temperá e **prevención de dificultades**; ademais de **apoio e asesoramento** para adquirir habilidades básicas de vida.
- Realizar as **avaliacións psicopedagóxicas**, se é o caso, e asesorar no **deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade** conforme o procedemento que se estableza.
- Coordinar, en colaboración cos profesores de apoio, a atención do **alumnado con necesidades educativas especiais**, elevando ó xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.

